

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Dolores Fernández Galiño

Vicepresidenta:

Dona María Xosé Porteiro García

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Dna Patricia Brión Cabanelas

Polo Consello de Contas

Dona Isabel García Garrido

Polo Consello Consultivo de Galicia

Dona Ana María López Guizán

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

D. Xosé Manuel Rodríguez Méndez

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 11.00 horas do día 23 de Xullo de 2024, en sesión realizada por videoconferencia, e con asistencia das persoas indicadas á marxe convocadas por vía electrónica pola súa presidenta o día 16 de Xullo de 2024, ten lugar a 88 sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 25 de Xuño de 2024.

Constátase o envío da acta da sesión 87 e estando conformes todos os membros presentes, apróbase por asentimento.

3. - Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Número	Sentido
RSCTG/56/24	Estimación
RSCTG/59/24	Estimación

Número	Sentido
RSCTG/106/24	Estimación
RSCTG/108/24	Estimación por motivos formais

RSCTG/90/24	Desestimación
RSCTG/93/24	Estimación
RSCTG/94/24	Estimación
RSCTG/95/24	Estimación
RSCTG/98/24	Estimación

RSCTG/110/24	Estimación por motivos formais
RSCTG/114/24	Desestimación
RSCTG/115/24	Arquivo CTBG
RSCTG/116/24	Estimación

4. Comunicación de resolucións ditadas pola Presidenta da Comisión da Transparencia en virtude de delegación

Comunícase a seguinte resolución extemporánea, ditadas en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 10 de xullo de 2017 (DOG nº 136, do 18 de xullo) á Presidenta da Comisión da Transparencia:

Número	Sentido
RSCTG/96/24	Inadmisión: extemporáneo

Así como a seguinte resolución por desistencia da persoa reclamante ditada en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 26 de xuño de 2018 (DOG nº 193 do 9 de outubro de 2018) á Presidenta da Comisión da Transparencia:

Número	Sentido
RSCTG/99/24	Arquivo por desistencia
RSCTG/100/24	arquivo por desistencia

5. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 24 de Setembro de 2024, ás 11.00 horas.

6. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 11:55 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia